

DECRETO NÚMERO 17011332 DO 26/12/2017

Ilmo. Sr. Don Xosé Daniel Piñeiro Villares, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Desenvolvemento Sostible e Persoal do Excmo. Concello de Lugo.

Instruído o expediente relativo ó **PROCEDIMENTO PARA A ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS (ASISTENCIA TÉCNICA) PARA ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE DIVERSOS ÁMBITOS TERRITORIAIS REFERIDOS Ó CATASTRO E Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO (PXOM).**

Examinado o expediente de referencia e visto:

1.- Bases reguladoras das condicións técnicas e administrativas que rexeran o procedemento para a adxudicación dun contrato menor de servizos (asistencia técnica) para elaboración de documentación gráfica de diversos ámbitos territoriais referidos ó Catastro e ó Plan Xeral de Ordenación Municipal de Lugo (PXOM), elaboradas polos Servizos Municipais de Urbanismo e Arquitectura.

2.- Informe xustificativo da necesidade de contratar este servizo e de publicidade no perfil do contratante para selección de adxudicatario.

3.-Certificado da Tesourería Municipal de data 14/12/2017 acreditativo da existencia de consignación da aplicación orzamentaria 15100.22799 do vixente Presuposto municipal. (RC 117659/17)

4.- O artigo 138 do Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público sinala que *"Consideraranse contratos menores os contratos de importe inferior a 18.000 euros cando se trate de contratos de servizos..."*.

Se ben as normas de tramitación de contratos menores aprobadas pola Xunta de Goberno Local mediante acordo 3/587 de data 2/9/2015 só recollen a necesidade de achegar como mínimo tres orzamentos de empresas capacitadas para a realización do contrato, dende os Servizos de Urbanismo e Arquitectura propónse, coa finalidade de contar co maior número de propostas posibles que se publique no perfil do contratante a solicitude de orzamentos e presentación de ofertas durante un tempo prudencial para que todas as empresas que puideran resultar interesadas podan participar; sendo preciso establecer unhas regras mínimas de presentación e determinadas condicións que se inclúen nesta proposta.

Polo exposto, e en virtude do acordo núm. 4/455 da Xunta de Goberno Local de data 7 de xullo de 2015, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a tramitación do expediente de **contrato menor de SERVIZOS (ASISTENCIA TÉCNICA) PARA ELABORACIÓN DE**

DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE DIVERSOS ÁMBITOS TERRITORIAIS REFERIDOS Ó CATASTRO E Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO (PXOM), conforme ás Bases que se establecen no apartado seguinte, todo esto de conformidade co disposto no artigo 138 do Real decreto lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto refundido da Lei de contratos do sector público.

SEGUNDO.- Aprobar as condicións para a execución do dito contrato que serán as seguintes:

BASES REGULADORAS DAS CONDICIÓNNS TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁ O CONTRATO MENOR DE SERVIZOS (ASISTENCIA TÉCNICA) PARA ELABORACIÓN DE DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DE DIVERSOS ÁMBITOS TERRITORIAIS REFERIDOS Ó CATASTRO E Ó PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE LUGO (PXOM).

1.- UNIDADE ADMINISTRATIVA XESTORA – RESPONSABLE DO CONTRATO:

SERVIZO MUNICIPAL DE URBANISMO	SUSANA PENEDO SOUTO (ARQUITECTA MUNICIPAL)
--------------------------------	---

Enderezo electrónico/teléfono ó que poden dirixirse os licitadores para consultas/dúvidas/aclaracións: susanapenedo@concellodelugo.org (982297234), jmgonzalez@concellodelugo.org (982297242), ana.tabares@concellodelugo.org (982297301).

2.- OBXECTO/ DESCRICIÓN:

Elaboración da documentación gráfica dun número aproximado de 160 ámbitos territoriais (parcelas, núcleos rurais, ámbitos de alegacións formuladas durante o período de información pública do Plan Xeral de Ordenación Municipal “PXOM”, parroquias, etc.), ós efectos de proceder á superposición da súa delimitación entre a planimetría do Catastro e a correspondente ó PXOM nas distintas fases da súa tramitación (aprobación inicial, aprobación provisional, aprobación de subsanación de deficiencias, aprobación definitiva e planimetría pendente de aprobación definitiva). Na elaboración dos traballos deberá respectarse a lexislación de protección de datos que resulte de aplicación.

TIPO DE CONTRATO:

- ☐ Subministracións.
- ☒ Servizos.
- ☐ Obras.
- ☐ Outros.

3.- XUSTIFICACIÓN/NECESIDADE:

O traballo debe realizarse para dar cumprimento a diversos requirimentos xudiciais para elaborar varios informes urbanísticos municipais.

4.- ORZAMENTO MÁXIMO ANUAL. PREZO DE LICITACIÓN (*):

Prezo sen IVE: €. 6.000	IVE(21%): €. 1.260	Prezo con IVE: €. 7.260
-------------------------	--------------------	-------------------------

5.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA (RC):

RC 117659/17

6.- LUGAR DA PRESTACIÓN

Concello de Lugo (Oficinas Municipais Ronda Muralla nº 197, Servizo Municipal de Urbanismo)

7.- DURACIÓN DO CONTRATO/PRAZO DE EXECUCIÓN

3 MESES

8.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

- Menor prezo.
-
-

A valoración do prezo ofertado realizarase excluindo o Imposto sobre Valor Engadido. Nos casos de presentación de ofertas por parte de entidades que estean exentas do IVE pola prestación deste servizo, o prezo máximo de licitación será o prezo sen IVE establecido neste prego.

9.- REQUISITOS DOS LICITADORES:

Se esixirá a titulación de delineante ou outros títulos habilitantes para o devandito traballo.

Poderán optar á adxudicación deste contrato menor do Excmo. Concello de Lugo as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar (*), que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 60 do TRLCSP, e as prestacións a satisfacer mediante este contrato estén comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade reflectida dentro do obxecto social da sociedade nos seus estatutos ou escritura de constitución e na correspondente actividade empresarial, profesional ou artística na que figura de alta no imposto de actividades económicas. Así mesmo deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato e contar coa habilitación empresarial ou profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da prestación que constitúa o obxecto do contrato.

() Lémbrese a imposibilidade de contratar con comunidades de bens, por carecer de personalidade, así como con persoas físicas ou xurídicas que teñan débedas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- ou coa Seguridade Social.*

10.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE ORZAMENTOS. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR. APERTURA DE OFERTAS:

O Concello de Lugo publicará un anuncio no perfil do contratante do Concello (<http://lugo.gal/gl/licitacions>) no apartado de contratos menores.

O prazo de presentación de ofertas será de **15 días naturais** contados dende a publicación do anuncio no perfil do contratante. Se o último día é inhábil prorrogase o prazo ata o primeiro día hábil.

A documentación presentarase durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo (Ronda Muralla, nº197, 27002, Lugo), en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) dirixido á unidade xestora (SERVIZO MUNICIPAL DE URBANISMO). Non se admite a presentación en lugares distintos ós da Oficina Municipal de Rexistro agás que a documentación se presente noutro lugar legalmente admisible é que se reciba en prazo no Rexistro Municipal.

Os interesados en participar presentarán unha **instancia ou escrito conforme ó modelo do ANEXO A “PRESENTACIÓN DE OFERTAS”** que se achega ó final deste prego dirixido á unidade xestora (SERVIZO MUNICIPAL DE URBANISMO) acompañado de **UN SOBRE PECHADO** comprensivo da súa oferta conforme ó **modelo do ANEXO I** que así mesmo se achega. Ambos os dous documentos estarán asinados polo propoñente ou polo seu representante facendo constar o título do procedemento, nome do interesado, enderezo, teléfono e fax, correo electrónico para os efectos de notificacións.

A apertura das ofertas presentadas celebrarase ó **primeiro día hábil** contado a partires do remate do prazo de presentación. Os técnicos da Unidade Administrativa Xestora procederán a súa valoración á vista dos criterios de adxudicación establecidos e á elaboración da proposta de gasto en modelo normalizado asinada polo responsable técnico da dita unidade e polo concelleiro delegado, indicando a empresa proposta como adxudicataria para a súa tramitación, previo axuste da consignación orzamentaria.

A presentación da documentación incompleta ou a presentación do sobre comprensivo da oferta aberto implicará o rexeitamento da súa oferta.

11.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO. EXECUCIÓN DO CONTRATO:

Aínda que nos contratos menores non é necesaria a formalización do contrato de acordo co artigo 156.2 do TRLCSP, cando a unidade administrativa xestora o

considere oportuno para garantir o cumprimento da prestación contractual adxudicarase o contrato mediante resolución do órgano municipal competente conforme o **modelo do ANEXO II**.

O contrato executarase con estricta suxeición ó indicado neste prego e conforme ás instrucións que dera ó contratista o responsable do contrato da unidade administrativa xestora o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP. O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución das prestacións contratadas e será responsable da tramitación das facturas correspondentes.

12.- PAGAMENTO:

O pagamento efectuarase contra factura e certificación de obra unha vez efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas pola Arquitecta Municipal e o responsable do Servizo de Contratación e maila Concelleira delegada da área correspondente á unidade xestora. O responsable do contrato solicitará do contratista canta información sexa necesaria para poder conformar as facturas presentadas.

As facturas presentaranse en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACE: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 EXCMO. CONCELLO DE LUGO

Órgano xestor: DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE E PERSOAL LA0005488

Unidade Tramitadora: PLANEAMENTO URBANÍSTICO LA0005574

TERCEIRO.- Publicar o anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Lugo.


Concello de Lugo
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE OFERTAS"
DATOS DO LICITADOR

NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)

ENDEREZO:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO DE IDENTIDADE:

☐ DNI/NIF ☐ TARXETA
☐ PASAPORTE ☐ NIE

☐ Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.

NÚMERO	LETRA

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:

1º APELIDO:

2º APELIDO:

DOC. IDENTIDADE:

TELÉFONO:

CORREO ELECTRÓNICO:

DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF.:

DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN DE -----

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE PECHADO: oferta económica e documentación anexa (Anexo I).

Lugo, _____ de _____ de
 A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación, oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello."

ANEXO I

(a incluír no sobre pechado)

OFERTA

Don/a, con domicilio en, DNI nº, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a contratación de

b) Que en relación cos criterios de adxudicación establecidos no prego, comprométome a executar o contrato de acordo coas seguintes condicións:

- Prezo:..... euros máis o% de IVE (..... €) sendo un total de euros IVE incluído.

c) Manifesta que a persoa asinante deste oferta, e a compañía mercantil á que representa, se fose o caso, e os administradores e representantes da mesma, reúnen todos os requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo a prestación de referencia, teñen plena capacidade de obrar e solvencia e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, nin están incursos en ningunha causa de incompatibilidade ou conflito de intereses que poidan afectar á dita prestación.

Así mesmo que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso) e coa Seguridade Social, establecidas polas disposicións vixentes.

d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven deste prego, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.

e) Que acepto que todas as notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico**:.....

f) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura).

Cúmprase,